

Estimadas familias:

Queremos ante todo darvos a benvinda ó noso colexio José Cornide Saavedra a tódolos que vos incorporades á nosa escola neste curso escolar, desexando que veñades con grande ilusión e que pronto vos sintades, tanto vos como os vosos nenos, membros desta familia.

Para axudar a que sexa así, queremos que teñades unha pequena idea do **que xestionamos a través da ANPA**, intentando, na medida do posible, ser unha vía de comunicación co colexio é un punto de apoio nas situacións que pudieran ir xurdindo.

- **Comedor Escolar:** a coordinación do comedor escolar faise a través da ANPA, sendo actualmente a empresa de catering encargada do seu servizo “Jardanay”. Indicar que as inscricións no comedor fanse de forma dixital, o periodo de inscrición será do 10 ó 30 de agosto.
- **Madrugadores:** ata o de agora non se puido implantar esta opción, xa que se precisa un mínimo de rapaces que pudieran estar interesados no seu uso de maneira continua, incluíndo o almorzón. Por ese motivo, é moi importante que aqueles que poidades estar interesados vos poñades en contacto con nós para poder ver as posibilidades de implantación e facer as xestións necesarias o antes posible. Este servizo tamén é a través da empresa “Jardanay” e ten o mesmo periodo de inscrición que o servizo de comedor.
- **Actividades extraescolares:** a través da ANPA coordinamos as actividades que realizan os nenos do colexio, intentando que sirvan como divertimento e aprendizaxe para os alumnos así como para a conciliación laboral das familias. Como idea: as actividades que se levaron fai dous anos, pois o ano pasado debido a situación sanitaria non se poderon levar a cabo, foron combinando as que organiza e subvenciona o Concello da Coruña (patinaxe, piscina) con outras impartidas directamente por clubs e persoal especializado (baloncesto, judo, pintura). No último curso, tamén conseguimos un acordo coa academia de inglés “Masterclass” para poder acudir a o seu centro na avenida dos Maios cun precio inferior ó xeral. Noutros anos, cando o número de nenos que o solicitaron foi suficiente, tamén se realizaron outras actividades do Concello, como P.O.E. e programa CÓXEGAS.
- **Excursión fin de curso:** no comezo de cada curso escolar, faise una reunión para os socios da ANPA na que, entre outros puntos, se intenta acordar entre todos e por maioría, a excursión ou actividade a organizar para que no final de curso os alumnos do colexio teñan un día, a poder ser, inolvidable. O ano pasado tampouco se puido levar a cabo debido á situación sanitaria.

- **Foto fin de curso:** xa é tradición que a través da ANPA se lles faga unha foto ós nenos de cada aula para que poidan ter un recordo cos seus compañeiros.
- E, por suposto, estamos sempre dispostos a **escoitar suxerencias** das familias que poidan axudar a que a ANPA en concreto, e o colexio en xeral, poida ir mellorando.

Todas as familias que fagan uso do **comedor, madrugadores** ou participen nas **actividades extraescolares** deben ser **socias da ANPA**. A **cuota anual** é de 20€ por un neno, 30€ por dous e 35€ por tres.

Para poder resolver calquera dúbida que vos poida xurdir, poñemos a vosa disposición o correo electrónico da ANPA ([anpa.sardinheira@gmail.com](mailto:anpa.sardinheira@gmail.com)) e o teléfono móbil para a comunicación a través de whatsapp ([693 39 93 25](https://www.whatsapp.com/business/profile/693399325)).

Xa por último, vos facilitamos unha folla de solicitude por se vos decidírades a formar parte da nosa ANPA.

Esperando poder axudarvos na vosa nova etapa, recibide un afectuoso saúdo.

En A Coruña, a 8 de agosto de 2021

ANPA SARDIÑEIRA  
DE LA ESCUELA INFANTIL Y  
EDUCACIÓN PRIMARIA JOSE CORNIDE